



RECURSOS FRONTE ÀS VIOLENCIAS MACHISTAS



Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade





Nas universidades avanza moito na igualdade de xénero, pero aínda hai situacións que afectan de forma desigual as vidas persoais, académicas e profesionais de mulleres e de homes. Por iso, na UVigo, temos:

UNIDADE DE IGUALDADE

Un servizo no que traballamos para conseguir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

ENLACES DE IGUALDADE

Unha figura dispoñible nas escolas, facultades e centros para consultar calquera cuestión sobre igualdade.



PUNTO LILA

Nas festas universitarias, hai un punto lila onde se poden comunicar agresións machistas e atopar información e acompañamento.

ONDE ESTAMOS?



Unidade de Igualdade
Edificio Ernestina Otero
—Campus de Vigo

igualdade@uvigo.gal
986 813 419



QUE PODES FACER TI?

Non violentes.

Non sexas cómplice.

Non mires para outro lado.

As violencias machistas son a expresión extrema da desigualdade social e estrutural entre mulleres e homes. Por iso, ás veces, naturalizamos comportamentos machistas.



COMO RECOÑECÉLAS?

A violencia de xénero é a violencia física, psicolóxica ou sexual que se exerce sobre unha muller pola súa parella ou exparella. Tamén pode estenderse ao seu círculo próximo. Ten unhas características específicas, por iso é necesario que teña un tratamento propio.

SE CRES QUE ESTIVECHES OU ESTÁS NUNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA MACHISTA PODES CONTACTAR CON:

UNIDADE DE IGUALDADE

Apoio e acompañamento

016

Dispoñible
24/7

CIM*

Atención psicolóxica e xurídica

*Centro de Información ás Mulleres

SE DECIDES DENUNCIAR



Pode acompañarte alguén da túa confianza. Nos xulgados e nas comisarías hai servizos especializados para asesorarte.

SE PRESENCIAS UNHA AGRESIÓN



NON TE POÑAS EN RISCO

SE ESTÁS NA UNIVERSIDADE

① Seguridade do campus
986 818 619 / 618 873 387

SE É NECESARIA ATENCIÓN MÉDICA OU POLICIAL

① 112 / 091 / 092

SE PODES, RECOLLE PROBAS DO QUE ESTÁ SUCEDENDO.

Evita o morbo e a revitimización, non o difundas.

PIDE AXUDA AS PERSOAS PRÓXIMAS.


Tenta buscar un espazo tranquilo e seguro para falar coa muller agredida, pregúntalle que necesita. Respecta as súas decisións. Lémbrolla que na UVigo hai unha Unidade de Igualdade ou que pode chamar ao 016.

A violencia sexual é calquera acto (verbal, físico ou dixital) que atente contra a liberdade sexual dunha persoa, é dicir, que ten lugar sen que ela queira. É unha violencia que ten xénero: afecta sobre todo a mulleres e nenas e o agresor é, de forma maioritaria, un home.



Se non tes claro se alguén quere ter sexo contigo, preguntallo. Se non está consciente para comunicar a súa vontade, para.

Non graves nin compartas contidos íntimos sen consentimento. As violencias machistas dixitais son delitos que atentan contra persoas reais.



Non te aproveites dos efectos do alcohol ou das drogas. Intoxicares alguén de forma deliberada para ter sexo é unha agresión sexual.

Non fagas comentarios sexuais a ninguén se non sabes se lle molestan. Crear contornos ofensivos cara ás mulleres reproduce a desigualdade de xénero e empeora a convivencia.



Non colabores con quen quere crear un clima de terror sexual. Difundir discursos misóxicos, participar en actos que fan sentir inseguras as mulleres ou atacar publicamente a súa vida sexual son estratexias do machismo dixital organizado (*manosfera*) para limitar a vida das mulleres.



NO CASO DE AGRESIÓN

Ao acudir ao hospital activarase un protocolo para realizar probas preventivas e recoller evidencias. Se é posible, débese evitar beber, ducharse ou mudar de roupa.

Unha agresión sexual é un acto violento e de poder contra a vontade da outra persoa. Asegúrate de que esa persoa pode expresar dalgún xeito, clara e libremente, o seu desexo de que iso suceda.

Nas relacións
laborais e educativas danse tamén
outro tipo de violencias
machistas:

ACOSO SEXUAL

É o comportamento ou os actos de contido sexual que teñan a intención ou o efecto de danar unha persoa, sobre todo cando se crea un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.

ACOSO POR RAZÓN DE SEXO

É calquera comportamento continuado realizado en función do sexo dunha persoa, co fin ou co efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.

Calquera destes ataques poden ser físicos, verbais ou dixitais.



Existe un protocolo para prever e sancionar estes comportamentos e protexer as persoas da comunidade universitaria da UVigo.


Se coñeces algunha destas situacións, ou consideras que te están acosando, podes denunciálo formalmente a través da figura de enlace do teu centro, da Unidade de Igualdade ou da Comisión contra o Acoso Sexual (CAS).

Se tes dúbidas podes consultar directamente coa Unidade de Igualdade. Toda a información será tratada con confidencialidade e con carácter urxente, procurando acompañar de forma coidadosa todo o proceso e traballando pola reparación.

COÑECE O NOSO PROTOCOLO







Universidade de Vigo

Unidade de Igualdade

Unidade de Igualdade
Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo

Podes contactarnos:
igualdade@uvigo.gal
986 813 419

